

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN, REALIZADA O 31 DE MARZO DO 2021.**

**Alcalde-Presidente:**

Carlos Ladra Brage

**ASISTENTES**

**Concelleiros/as;**

**Grupo político municipal PSdG-PSOE**

Concepción Rodríguez Ferreiro

Diana M<sup>a</sup>. Rodríguez Fernández

**Grupo político municipal BNG:**

Iago Varela Martínez

Paula González Grueiro

**Grupo político municipal PP:**

Elena María Arias Martínez

Manuel González López

Javier Fernández Brage

María José Bouza Varela

**Grupo Mixto:**

María Eva García Amor

Xosé Manuel Pérez Sardiña

**AUSENCIAS XUSTIFICADAS:**

**Secretaría-Interventora:**

Irene Suárez López

Sesión telemática celebrada en virtude do artigo 46.3 da LBRL introducido pola Disposición Adicional segunda do Real Decreto legislativo 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes e complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19. Sendo as 19:30 minutos, do 31 de marzo do 2021, reúnense en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Alcalde, Carlos Ladra Brage, os/as concelleiros/as que se relacionan á marxe, coa asistencia da Secretaría-Interventora Irene Suárez López, que da fe do acto.

Unha vez comprobada a existencia de quórum para a válida constitución do Pleno, o Presidente declara aberta a sesión, e procédese a tratar os asuntos incluídos na Orde do Día.

**ORDE DO DÍA**

**1.- APROBACIÓN SE PROCEDE DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES.**

En aplicación do disposto no artigo 91.1 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Corporacións Locais, o Alcalde comeza preguntando aos Concelleiros se teñen algunha observación que facer **ás actas correspondentes ás sesións celebradas o 27 de xaneiro e o 11 de febreiro do 2021.**

**Non habendo intervencións enténdese aprobadas por unanimidade dos presentes ( 11 votos).**

**2.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE FENE, CABANAS E ARES PARA A XESTIÓN COMPARTIDA DO PUNTO LIMPO DE VILAR DO COLO.**

Obra no expediente o ditame que se transcribe literalmente:



**Expediente núm:** 325/2021

Proposta Alcaldía aprobación convenio colaboración para a xestión compartida do Punto Limpo de Vilar do Colo.

**Procedemento:** Convenios

## PROPOSTA ALCALDÍA

### **ASUNTO: APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE FENE, CABANAS E ARES PARA A XESTIÓN COMPARTIDA DO PUNTO LIMPO DE VILAR DO COLO**

Os Concellos de Fene e Cabanas son cotitulares dun punto limpo no polígono industrial de Vilar do Colo.

A dita instalación constitúe un paso adiante no cumprimento das obrigas municipais na recollida e selección de residuos, xa que, como establece a Lei 10/2008 de residuos de Galicia correspóndelle aos municipios implantar sistemas de recolla selectiva de residuos urbanos ou municipais que posibiliten a súa reciclaxe e outras formas de valorización.

Mediante o punto limpo amplíase a recollida selectiva de residuos domésticos municipal, xa que se erixe como un centro de recepción, de almacenaxe e de selección de residuos municipais que non teñen canalización de recollida diaria.

Deste xeito búscase mellorar a calidade da recollida selectiva de residuos. Unha mellor xestión desta recollida permite unha mellor valorización e, polo tanto, unha diminución dos custes asociados á xestión dos colectores verde e amarelo, ao favorecer o menor depósito de impropios neles e a correspondente penalización en custes que supón ás arcas municipais.

Mediante acordo plenario do 25.04.2018 aprobouse a implantación do servizo do Punto Limpo mediante xestión indirecta conxunta co Concello de Fene, así como inicialmente o seu Regulamento que foi publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña nº 126, de 4 de xullo de 2020.

A xestión conxunta entre os Concellos de Fene e Cabanas materializouse nun Convenio de colaboración entre o Concello de Fene e o Concello de Cabanas para o sostemento compartido do punto limpo de Vilar do Colo asinado o 12.02.2019.

O Concello de Ares amosou o seu interese en adherirse a unha xestión compartida do punto limpo de Vilar do Colo, unha vez que os Concellos de Mugardos e Neda finalmente rexeitaron a súa incorporación.

En base a este interese, encargouse un estudo económico no que se valora a xestión compartida do servizo polos Concellos de Fene, Cabanas e Ares.

As bases desta xestión compartida fórmulanse nun convenio de colaboración que se presenta para a súa aprobación e que non conta con carácter contractual, xa que o seu contido non se atopa comprendido dentro dos contratos regulados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

O convenio cumpre co previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

En base ao que antecede e vistas as competencias plenarios establecidas no artigo 22 LBRL, propono ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

1.-Aprobar o convenio de colaboración entre os Concellos de Fene, Cabanas e Ares para a xestión compartida do punto limpo de Vilar do Colo que se achega como Anexo.

2.-Dar traslado deste acordo ao Concello de Fene.

## **ANEXO**

### **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE FENE, CABANAS E ARES PARA A XESTIÓN COMPARTIDA DO PUNTO LIMPO DE VILAR DO COLO**



## REUNIDOS

Dunha parte, o alcalde do Concello de Fene, Juventino José Trigo Rey, con NIF 76404053P, en nome e representación do referido concello.

Doutra parte, o Alcalde do Concello de Cabanas, Carlos Ladra Brage, con NIF 76415880-J, en nome e representación do referido concello.

Doutra parte, o Alcalde do Concello de Ares, Julio Ignacio Iglesias Redondo, con NIF 32.649.797-D, en nome e representación do referido concello.

Todos en nome e representación da Corporación Local correspondente, en virtude do artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL) e o artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia (LALGA).

Os reunidos actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos deste Convenio para a xestión compartida do punto limpo de Vilar do Colo.

## EXPOÑEN

-Os Concellos de Fene e Cabanas son copropietarios dun punto limpo sito no polígono industrial de Vilar do Colo, segundo consta en acta de recepción de 19.12.2013.

- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), no seu artigo 25 establece que o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos do dito artigo.

-O artigo 47 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público establece a posibilidade de que as administracións públicas asinen convenios interadministrativos para un fin común e que poderán incluír a utilización de medios, servizos e recursos doutra administración pública para o exercicio de competencias propias ou delegadas.

- O artigo 60 da Lei 13/2015, de medidas fiscais e administrativas habilita a posibilidade de que as entidades locais galegas poidan formalizar entre si convenios para o servizo aos intereses xerais mediante o desenvolvemento conxunto de tarefas públicas da súa competencia, facendo aportación de organización, medios persoais, materiais ou recursos financeiros.

-O artigo 31 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público establece que as entidades do sector público poderán cooperar entre sí mediante convenios nos que acorden a realización conxunta de contratacións específicas.

-Os Concellos de Fene e Cabanas subscribiron un convenio asinado o 12.02.2019 para o sostemento compartido do punto limpo de Vilar do Colo mediante unha xestión indirecta compartida do servizo que se instrumentará a través dun contrato de servizos ao abeiro da normativa contractual vixente, acordando que o Concello de Fene administre o procedemento de contratación e aprobando o regulamento regulador do servizo, que foi publicado no BOP da Coruña no número 245 do 26.12.2018

-O Concello de Ares manifestou o seu interese nun uso compartido das instalacións e servizo do punto limpo de Vilar do Colo colaborando cos Concellos de Fene e Cabanas no seu sostemento a través dunha financiación conxunta da súa xestión.

-Os Concellos de Fene e Cabanas contrataron a elaboración dun estudo económico para a prestación do servizo aos tres Concellos interesados na xestión compartida do punto limpo de Vilar do Colo que estima un custe anual do servizo de 62.780,33 € + 6.278,03 € de IVE (custe total= 69.058,36 €).

Por todo o sinalado, coa finalidade de poñer en funcionamento o punto limpo de Vilar do Colo, o/as alcaldes/a asinantes subscriben este convenio en base ás seguintes



## CLÁUSULAS

### Primeira.-Obxecto

Este convenio ten por obxecto regular a xestión conxunta do punto limpo de Vilar do Colo sito no polígono industrial de Vilar do Colo do que son copropietarios o Concello de Fene e Cabanas. O punto limpo de Vilar do Colo prestará servizo aos Concellos de Fene, Cabanas e Ares.

### Segunda.-Forma de xestión

O servizo do punto limpo de Vilar do Colo prestarase mediante unha xestión conxunta indirecta que se instrumentará a través dun contrato de servizos ao abeiro da normativa contractual vixente. Na licitación terase en conta a inclusión de cláusulas sociais segundo o establecido na lexislación vixente.

### Terceira.-Entidade contratante

O procedemento de contratación será administrado polo Concello de Fene en nome e por conta dos Concellos de Fene, Cabanas e Ares, entidades que terán a responsabilidade conxunta do cumprimento das súas obrigas, tal e como estipula o artigo 31.3 da Lei 9/2017.

As competencias en materia de contratación que a normativa contractual atribúe ao órgano de contratación serán exercidas polo Concello de Fene, sen prexuízo do estipulado na cláusula sétima deste convenio.

### Cuarta.- Regulamento

O regulamento de uso do punto limpo de Vilar do Colo é o aprobado polos Concellos de Fene e Cabanas e publicado no BOP da Coruña número 245 do 26.12.2018.

Calquera modificación substancial do Regulamento que poida afectar ao acordado neste convenio deberá ser obxecto de audiencia previa aos Concellos asinantes.

### Quinta.-Obrigas económicas

5.1.-Os Concellos asinantes comprométense a financiar o custe do servizo en proporción á súa poboación conforme ao datos poboacionais oficiais do INE para o 2020.

Conforme aos datos oficiais de poboación, resultan as seguintes porcentaxes:

-Fene: 58,57 % (12868 hab)

-Ares: 26,53 % (5829 hab)

-Cabanas: 14,90 % (3274 hab)

5.2.-A adxudicación do contrato administrativo deberá ser notificada polo Concello de Fene aos Concellos asinantes, coa finalidade de que estes sexan coñecedores do importe definitivo da financiación que lles corresponde.

5.3.-Por parte do Concello de Fene darase traslado aos Concellos asinantes dunha copia do contrato administrativo formalizado, xunto cunha notificación da cota definitiva que deberán aportar todos os meses e transferir ao Concello de Fene.

Procurarase que o contrato dea comezo a principios de mes, e sendo a facturación a mes vencido, os Concellos ingresarán as cotas mensuais antes do día 20 de cada mes, cotas que corresponderán ao servizo prestado e facturado polo xestor do punto limpo o mes anterior.



A notificación da formalización do contrato administrativo determinará a deivindicación da obriga de ingresar ao Concello de Fene as cotas mensuais correspondentes durante toda a vixencia do contrato, sen prexuízo do disposto na cláusula oitava.

5.4.-As cotas mensuais a transferir ao Concello de Fene deberán facerse antes do día 20 do mes que corresponda conforme ao disposto na cláusula 5.3, coa finalidade de que o Concello de Fene poida dar cumprimento á normativa sobre morosidade no pago a provedores.

#### **Sexta.-Incumprimento de obrigas.**

6.1. O incumprimento por calquera Concello de transferir ao Concello de Fene as cotas dentro dos prazos estipulados suporá a obriga automática de transferir ao Concello de Fene os intereses de demora previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria, así como calquera outro dano e prexuízo que se lle irroque ao Concello de Fene por mor do dito incumprimento.

6.2.-O retraso por mais de dous meses nas transferencias pactadas ao Concello de Fene suporá a rescisión automática deste convenio para o Concello incumplidor, estando obrigado a aportar aos concellos que se manteñan no convenio o importe da financiación á que se tivera comprometido coa sinatura deste convenio ata a finalización do contrato administrativo, sen incluír as súas posibles prórrogas, en concepto de indemnización de danos e prexuízos, no caso de que non se poida modificar o contrato administrativo ou, en todo caso, ata a formalización desta. O Concello de Fene deberá notificar este feito ao resto dos concellos asinantes.

Os importes desta financiación deberán transferirse anualmente dentro do primeiro mes do ano natural, agás no ano da rescisión, no que se deberá transferir nos prazos fixados pola normativa tributaria, unha vez recibida a oportuna notificación da liquidación que corresponda polo Concello de Fene.

6.3.-No caso de que as liquidacións ás que se refire á anterior cláusula non sexan transferidas ao Concello de Fene nos prazos estipulados, o resto de Concellos asinantes virán obrigados a sustentar o contrato administrativo a partes iguais respecto da cota deixada de pagar, xunto ás posibles indemnizacións ou intereses que se xeren e que se distribuirán nos mesmos termos e previa notificación ao efecto por parte do Concello de Fene.

A parte proporcional a abonar por cada concello deberá incorporarse ao pago mensual ao que se compromete cada concello, sen prexuízo de que o Concello de Fene poida emitir liquidacións complementarias coa finalidade de dar cumprimento ás obrigas derivadas do contrato administrativo e evitar o pago de danos e prexuízos ao contratista.

Estas liquidacións complementarias deberán transferirse ao Concello de Fene no prazo máximo de 15 días naturais.

6.4.-En todo caso, calquera dano e prexuízo reclamado ou recoñecido que se xere ao contratista por falta de pago nos prazos legais establecidos e que non sexan imputables ao Concello de Fene, deberán ser sufragados polo Concello que provoque o incumprimento, previa liquidación ao efecto que lle será notificada polo Concello de Fene e que se deberá ingresar nos termos da normativa recadatoria.

#### **Sétima.-Comisión de seguimento.**

Créase unha comisión mixta de vixilancia e seguimento deste convenio que estará integrada polos/as alcaldes/esas dos Concellos asinantes, asistidos, no seu caso, do/as respectivos/as funcionario/as de habilitación nacional dos respectivos Concellos. As funcións desta Comisión serán as seguintes:

- Avaliación dos resultados de execución do convenio
- Resolución de dúbidas e discrepancias na aplicación do convenio
- Resolución de problemas de execución do convenio
- Estudo dos pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas que rexerán a contratación do servizo



-Estudo das propostas de modificación contractuais do servizo no caso de que supoñan elevación do custe económico do contrato

-Acordo sobre as prórrogas do servizo

#### **Oitava.-Duración, entrada en vigor e rescisión.**

8.1.-Este convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e extinguirase coa desaparición do seu obxecto.

8.2.-Durante a súa vixencia, o convenio vinculará financeiramente aos Concellos asinantes, que virán obrigados a transferir as cotas ás que se vexan obrigados mentres o servizo sexa prestado e orixine gastos fronte a un acreedor, con independencia da relación contractual que manteña co Concello de Fene.

8.3.-Fóra do suposto previsto de rescisión automática da cláusula sexta, o contrato poderá rescindirase polas seguintes causas:

-Mutuo acordo das partes.

-Mutuo acordo dos Concellos de Fene e Cabanas de non prorrogar o contrato.

-Resolución administrativa do contrato conforme á normativa contractual.

-Decisión de non prorrogar o contrato.

No caso de que calquera dos Concellos asinantes non propietarios das instalacións decidan que non se queren manter adheridos ao convenio con ocasión dunha prórroga contractual, sempre que o resto de Concellos asinantes si decidan prorrogar, o resto de Concellos que desexen manter o contrato virán obrigados a financiar a partes iguais os custes que se puideran derivar deste feito, no caso de que non se poida modificar o contrato administrativo ou, en todo caso, ata a formalización desta.

#### **Disposición adicional primeira.**

-Coa sinatura deste convenio, queda derogado para os Concellos de Fene e Cabanas o “Convenio de colaboración entre o Concello de Fene e o Concello de Cabanas para o sostemento compartido do punto limpo de Vilar do Colo” no que se opoña a este convenio.

#### **Disposición adicional segunda.**

Os concellos asinantes comprométense a financiar conxuntamente, de acordo coas proporcionalidades poboacionais pactadas para a financiación do servizo, o custe do estudo económico da xestión do punto limpo de Vilar do Colo, a expensas dos gastos que sexan reclamados a outras administracións en concepto de danos e prexuízos ocasionados na tramitación da xestión conxunta do punto limpo de Vilar do Colo.

En base ao que antecede, os Concellos de Fene e Cabanas liquidarán as cantidades que correspondan conforme á proporcionalidade prevista e a relación de facturas abonadas conforme á seguinte táboa:

	Fene	Cabanas	IMPORTE TOTAL	OBXECTO
ANO 2018	2.329,25€	574,75€	2904 €	Estudio para Concellos Fene, Ares, Mugarbos, Cabanas, Neda
ANO 2020	712,34€	246,48 €	958,82 €	Actualización para Concellos Fene, Ares, Mugarbos, Cabanas
ANO 2020	963,52€	182,21€	1145,73€	Actualización para Concellos Fene, Ares, Cabanas



			5008,55 €	
--	--	--	-----------	--

**Quenda de intervencións ( remisión íntegra ao arquivo audiovisual que acompaña á presente acta)**

**Sometido o asunto a votación e por unanimidade dos membros presentes ( 11 votos) adoptouse o seguinte ACORDO:**

### **3.- PROPOSTA APROBACIÓN REGULAMENTO DE IDENTIDADE VISUAL CORPORATIVA.**

Obra no expediente o ditame que se transcribe literalmente:

**Expediente núm. 333/2021**

#### **PROPOSTA DE ALCALDÍA.- APROBACIÓN DO REGULAMENTO DE IDENTIDADE VISUAL CORPORATIVA.**

*Elaborado o Regulamento de Identidade Visual Corporativa ao obxecto de aprobar a identidade corporativa institucional do concello de Cabanas e regular o seu uso, esta Alcaldía, **PROPÓN** ao Pleno da Corporación, órgano competente segundo o disposto no artigo 22.2 d) da Lei 7/1985, de 2 de Abril, Reguladora das bases de réxime local, a adopción do seguinte **ACORDO**:*

**PRIMEIRO.** Aprobar inicialmente o Regulamento de Identidade Visual Corporativa do concello de Cabanas, nos termos que figura no expediente.

**SEGUNDO.** Someter a aprobación do Regulamento municipal a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia por un prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

*Simultaneamente, publicar o texto da modificación do Regulamento municipal no portal web do Concello co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades.*

**Quenda de intervencións ( remisión íntegra ao arquivo audiovisual que acompaña á presente acta)**

**Sometido o asunto a votación e por seis ( 6 ) votos a favor dos concelleiros do PSdG-PSOE, BNG e a concelleira do Grupo Mixto e cinco ( 5 ) abstencións dos concelleiros do PP e do concelleiro do Grupo Mixto adoptouse o seguinte ACORDO:**

**PRIMEIRO.** Aprobar inicialmente o Regulamento de Identidade Visual Corporativa do concello de Cabanas, nos termos que figura no expediente.

**SEGUNDO.** Someter a aprobación do Regulamento municipal a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia por un prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións



ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

Simultaneamente, publicar o texto da modificación do Regulamento municipal no portal web do Concello co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades.

#### **4.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE CABANAS, MODALIDADE DEPENDENCIA.**

Obra no expediente o ditame que se transcribe literalmente:

**Expediente núm.: 101/2021**

**Procedemento:** Contrato de servizos suxeito a regulación harmonizada por procedemento aberto.

**Asunto:** Servizo de axuda no fogar no Concello de Cabanas na modalidade de dependencia.

#### **PROPOSTA DE ALCALDÍA**

Á vista dos seguintes antecedentes:

- Memoria xustificativa para a licitación dos servizos de axuda no fogar no concello de Cabanas, elaborada pola empresa INTO Consulting.
- Prego de prescricións técnicas para a licitación dos servizos de axuda no fogar do concello de Cabanas, na modalidade de dependencia.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a licitación do servizo de axuda no fogar do concello de Cabanas, na modalidade de dependencia.
- Informe da Secretaria Intervención municipal.

Necesidade a satisfacer:

O Concello de Cabanas, no marco das súas competencias, prevé iniciar o expediente para unha licitación que determine a realización dun contrato de servizos cunha mercantil especializada, para a prestación do servizo de axuda no fogar na modalidade de dependencia.

É unha prestación básica dos Servizos Sociais Comunitarios que presta un conxunto de atencións a persoas ou unidades de convivencia no propio domicilio para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu medio habitual.

A prestación deste servizo ten carácter de reforzo e non substitúe ás propias capacidades da persoa usuaria e doutras persoas da súa contorna inmediata nin exime en ningún caso á familia das súas responsabilidades.

O contrato de servizos ten como obxecto prestar un conxunto de atención ás persoas valoradas como dependentes, no seu domicilio, desde unha perspectiva integral e normalizadora naquelas situacións nas que teñan limitada a súa autonomía persoal. Así como a aquelas persoas que o soliciten, non catalogadas como dependentes, abonando ao Concello, a cota establecida na Ordenanza Fiscal Reguladora, do xeito indicado na mesma (libre concorrència se procedese nun futuro)

Para o desenvolvemento do servizo e mediante persoal cualificado prestaranse unha serie de atencións e coidados de carácter persoal, psicosocial, educativo, preventivo, doméstico e técnico, ás familias e persoas con dificultades para conseguir o seu benestar físico, social e





psicológico, proporcionándolle a posibilidade de continuar na súa contorna habitual, mentres sexa posible e adecuado, evitando a institucionalización.  
En resumo, o obxecto do contrato é a prestación do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) a persoas dependentes valoradas como tales, no seu domicilio (SAF dependencia).  
Prevese a realización de 22.000 horas anuais :  
Os servizos sociais municipais, dispoñen na data de elaboración do presente documento como inicio do expediente de contratación, dunha lista de **34 usuarios** e una prestación efectiva de 17.556 horas anuais.  
A previsión de incremento desta lista de agarda, é en Cabanas similar á de outros concellos e computase en 10 persoas o que fai que se preveza un incremento da prestación ata as 22.000 horas anuais nos termos sinalados anteriormente.

**Características do contrato:**

Tipo de contrato: **SERVICIOS**

Subtipo do contrato:-----

Obxecto do contrato: *Servizo de axuda no fogar do concello de Cabanas, na modalidade de dependencia*

Procedemento de contratación: *aberto*

Tipo de Tramitación: *ordinaria*

Código CPV:

1 85300000-2 *Servizos de asistencia social e servizos conexos*  
2 85312000-9 *Servizos de asistencia social sen aloxamento*

Valor estimado do contrato: *1.841.024,01*

Orzamento base de licitación IVE excluído: *400.222,61* IVE%: *4*

Orzamento base de licitación IVE incluído: *416.231,51*

Duración da execución: *3 + 1 anos*

Duración máxima: *4 anos*

*Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe de Secretaría, e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, propoño ao Pleno da Corporación, a adopción do seguinte ACORDO:*

**PRIMEIRO.** *Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto para o servizo de axuda no fogar do Concello de Cabanas, na modalidade de dependencia, convocando a súa licitación.*

**SEGUNDO.** *Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexerán o contrato.*

**TERCEIRO.** *Aprobar o gasto correspondente con cargo á partida 323 22799 do orzamento do Concello de Cabanas para o exercicio 2021.*

**CUARTO.** *Dar conta da presente Resolución a Intervención e a Tesouraría aos efectos de practicar as anotacións contables que procedan.*



**QUINTO.** Publicar o anuncio de licitación no perfil de contratante co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público

**SEXTO.** Publicar o anuncio de licitación no «Diario Oficial da Unión Europea», deixando constancia no expediente da data de envío do anuncio de licitación.

**SÉTIMO.** Publicar no perfil de contratante toda a documentación integrante do expediente de contratación, en particular o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas.

**OITAVO.** Designar aos membros da mesa de contratación e publicar a súa composición no perfil de contratante:

- Diana Rodríguez Fernández que actuará como Presidente da Mesa.
- Irene Suárez López, Secretaria Interventora da Corporación.
- Juan Carlos Anca Santos
- María José López Venancio
- Susana Fernández Muíño, que actuará como Secretaria da Mesa de Contratación.

**Quenda de intervencións ( remisión íntegra ao arquivo audiovisual que acompaña á presente acta)**

**Sometido o asunto a votación e por seis ( 6 ) votos a favor dos concelleiros do PSdG-PSOE, BNG e a concelleira do Grupo Mixto e cinco ( 5 ) abstencións dos concelleiros do PP e do concelleiro do Grupo Mixto adoptouse o seguinte ACORDO:**

**PRIMEIRO.** Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto para o servizo de axuda no fogar do Concello de Cabanas, na modalidade de dependencia, convocando a súa licitación.

**SEGUNDO.** Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexerán o contrato.

**TERCEIRO.** Aprobar o gasto correspondente con cargo á partida 323 22799 do orzamento do Concello de Cabanas para o exercicio 2021.

**CUARTO.** Dar conta da presente Resolución a Intervención e a Tesouraría aos efectos de practicar as anotacións contables que procedan.

**QUINTO.** Publicar o anuncio de licitación no perfil de contratante co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público

**SEXTO.** Publicar o anuncio de licitación no «Diario Oficial da Unión Europea», deixando constancia no expediente da data de envío do anuncio de licitación.

**SÉTIMO.** Publicar no perfil de contratante toda a documentación integrante do expediente de contratación, en particular o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas.

**OITAVO.** Designar aos membros da mesa de contratación e publicar a súa composición no perfil de contratante:

- Diana Rodríguez Fernández que actuará como Presidente da Mesa.
- Irene Suárez López, Secretaria Interventora da Corporación.



- Juan Carlos Anca Santos
- María José López Venancio
- Susana Fernández Muiño, que actuará como Secretaria da Mesa de Contratación.

## 5.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 1/2021, NA MODALIDADE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO.

Obra no expediente o ditame que se transcribe literalmente:

### **Expediente núm. 356/2021**

#### **PROPOSTA DA ALCALDÍA.- APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚM. 1/2020, NA MODALIDADE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO**

Visto o expediente relativo á aprobación do expediente de modificación de créditos núm. 1/2021 do orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito, con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais, que consta de providencia de Alcaldía, Memoria da Alcaldía e informe de Secretaría Intervención.

Visto que da liquidación do exercicio 2020 resulta un remanente de tesourería para gastos xerais positivo por importe de 894.986,85 €.

Visto que as contías consignadas no orzamento de 2020 resultan insuficientes para atender ao gasto relativo a achegas municipais e os investimentos que a continuación se relacionan:

#### **Cultura:**


Equipamento taller centro etnográfico da Lá- Escola Laica	12.705,00€
Equipamento centro etnográfico da Lá – Escola Laica	17.545,00€
Equipamento audiovisual salón de actos Escola Laica.	15.167,98€
Butacas salón de Actos Escola Laica	13.246,55€
Proxecto para a adecuación da Escola Laica, Cuarta fase	106.891,68

#### **Obras:**

Reposición muro de contención Camiño de Val de Arriba	13.560,43€
---	------------

#### **Turismo:**

Achega á Asociación de Concellos do Camiño Inglés para desenvolvemento do proxecto de mellora de actuacións do Camiño Inglés, en colaboración coa Deputación da Coruña	5.000,00 €
--	------------



--	--

Visto o que antecede, considerando que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable e que procede a súa aprobación inicial polo Pleno, de acordo co disposto no artigo 177.2 do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, PROPOÑO ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.-** Aprobar o expediente de modificación de créditos núm. 1/2021, na modalidade de crédito extraordinario por un importe global de **184.116,64** euros, que se financia con cargo a Remanente de Tesourería para gastos xerais (que se acreditan no expediente), conforme ao detalle de partidas seguinte:

Aplicación		Descrición	Crédito extraordinario
Programa	Económica		
334	629 00	Equipamento taller centro etnográfico da Lá- Escola Laica	12.705,00
334	629 01	Equipamento centro etnográfico da Lá – Escola Laica	17.545,00
334	629 02	Equipamento audiovisual salón de actos Escola Laica.	15.167,98
334	625 00	Butacas salón de Actos Escola Laica	13.246,55
334	622.00	Proxecto para a adecuación da Escola Laica, Cuarta fase	106.891,68
1532	619 02	Reposición muro de contención Camiño de Val de Arriba	13.560,43
432	466 00	Achega á Asociación de Concellos do Camiño Inglés para desenvolvemento do proxecto de mellora de actuacións do Camiño Inglés, en colaboración coa Deputación da Coruña	5.000,00
<b>TOTAL</b>			<b>184.116,64</b>

**SEGUNDO.-**  
De conformidade co establecido no artigo 177.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Facendas Locais, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición pública do apartado 1 do presente

acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP.

**TERCEIRO.-**O expediente de modificación orzamentaria entenderase definitivamente aprobado, no caso de que durante o referido período de exposición pública non se presenten reclamacións.

**Quenda de intervencións ( remisión íntegra ao arquivo audiovisual que acompaña á presente acta)**

Sometido o asunto a votación e por 10 ( 10 ) votos a favor dos concelleiros do PSdG-PSOE, BNG, PP e a concelleira do Grupo Mixto e unha ( 1 ) abstención do concelleiro do Grupo Mixto adoptouse o seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.-** Aprobar o expediente de modificación de créditos núm. 1/2021, na modalidade de crédito extraordinario por un importe global de **184.116,64** euros, que se financia con cargo a Remanente de Tesourería para gastos xerais (que se acreditan no expediente), conforme ao detalle de partidas seguinte:

Aplicación		Descrición	Crédito extraordinario
Programa	Económica		
334	629 00	Equipamento taller centro etnográfico da Lá- Escola Laica	12.705,00
334	629 01	Equipamento centro etnográfico da Lá – Escola Laica	17.545,00
334	629 02	Equipamento audiovisual salón de actos Escola Laica.	15.167,98
334	625 00	Butacas salón de Actos Escola Laica	13.246,55
334	622.00	Proxecto para a adecuación da Escola Laica, Cuarta fase	106.891,68
1532	619 02	Reposición muro de contención Camiño de Val de Arriba	13.560,43
432	466 00	Achega á Asociación de Concellos do Camiño Inglés para desenvolvemento do proxecto de mellora de actuacións do Camiño Inglés, en colaboración coa Deputación da Coruña	5.000,00
<b>TOTAL</b>			<b>184.116,64</b>

**SEGUNDO.-**  
De conformidade co establecido no artigo 177.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Facendas Locais, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición pública do apartado 1 do presente

acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP.

**TERCEIRO.-**O expediente de modificación orzamentaria entenderase definitivamente aprobado, no caso de que durante o referido período de exposición pública non se presenten reclamacións.

## 6.- INFORMES DA PRESIDENCIA.

### 6.1. RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA

Dáse conta das Resolucións de Alcaldía aprobadas dende o último pleno ordinario.

### 7.- MOCIÓNS DE URXENCIA

#### 7.1. Moción para pedir a aplicación inmediata das bonificacións na AP-9. Grupo político municipal do Partido Popular.

**Sometida a votación a urxencia da moción é aprobada por unanimidade dos presentes ( 11 votos)**

Obra no expediente a moción presentada polo Grupo político do Partido Popular co seguinte teor literal:

#### **MOCIÓN PARA PEDIR A APLICACIÓN INMEDIATA DAS BONIFICACIÓNS NA AP-9**



A autoestrada AP-9 é una infraestrutura básica e vital de dinamización económica e social da nosa Comunidade Autónoma. É un eixe vertebrador que percorre a xeografía galega de norte a sur, na súa franxa atlántica, na que se concentra arredor do 60 por cento da poboación, e que conecta 5 das grandes cidades galegas: Ferrol, A Coruña, Santiago, Pontevedra e Vigo.

O Goberno de España anunciou a finais do pasado ano, coincidindo coa presentación dos Orzamentos Xerais do Estado de 2021, unha serie de actuacións sobre as peaxes que non se están a aplicar nesta autoestrada: como a bonificación das tarifas, e a invalidación das subas extraordinarias anuais.

Pero, a pesar dos anuncios e promesas feitas, o Goberno de España non só non cumpriu ningún dos seus compromisos senón que permitiu á empresa concesionaria aumentar as tarifas, desoíndo o ditame do Consello Consultivo de Galicia que considera este incremento extraordinario “nulo de pleno dereito”. Esta suba, que se está a aplicar dende o pasado 1 de xaneiro, vén sumarse ás realizadas en anualidades anteriores, en virtude dos incrementos extraordinarios que autorizou o Goberno socialista de España, a través de dous reais decretos aprobados en 2011 e 2018, e coas que se compensa á empresa concesionaria polas obras de ampliación realizadas nesta autoestrada. Así, no ano 2018 incrementáronse as taxas nun 2,15%; no 2019, un 3,51%; no 2020, un 2,69% e neste 2021, case o 1%, algo que, como é lóxico, está a producir un gran impacto sobre a cidadanía e as empresas de Galicia, e tarifas que seguirán aumentado progresivamente no futuro en virtude desas subas extraordinarias autorizadas por Gobernos socialistas.

Esta suba das peaxes redunda no agravio comparativo do que vimos sendo obxeto os galegos con respecto ao resto das autoestradas de competencia da administración central, posto que a tendencia é eliminar ou rebaixar as peaxes, todo o contrario do que se está a aplicar en Galicia. Ata tal punto que, a AP-9 foi o pasado 1 de xaneiro a autoestrada estatal que máis subiu as súas peaxes, o que a converteu nunha das máis caras de España.

Ademais das deficiencias detectadas na autoestrada, que poñen en dúbida a seguridade e calidade do servizo, continúa sen liberarse as peaxes prometidas e pendentes dende 2018.

Non podemos esquecer, tampouco, que a AP-9 é unha infraestrutura incompleta, na que acumulan retrasos importantes obras pendentes como a ampliación da avenida de Alfonso Molina e o Vial 18 na Coruña; o remate da saída en Ferrol; o enlace orbital en Santiago; a remodelación do nó de Bombeiros en Pontevedra; ou a integración urbana en Vigo.

Xunto con todo isto, o Goberno de España desoe os chamamentos da Xunta de convocar a comisión conxunta sobre a AP-9 para abordar as bonificacións e para avanzar nas negociacións sobre a transferencia a Galicia da titularidade da autoestrada.

Por todo o exposto, O Grupo Municipal do Partido Popular insta ao Goberno de España:

1. Ao establecemento inmediato dun sistema de bonificacións de peaxes na AP-9 que rebaixe o custo da autoestrada e o seu impacto nos petos das familias e na competitividade das nosas empresas e do noso territorio.
2. A deixar sen efecto as novas subas extraordinarias previstas para financiar as obras de ampliación da autoestrada.
3. A convocar a comisión conxunta da AP-9 para abordar coa Xunta o modelo de bonificacións e para avanzar na transferencia a Galicia da titularidade da autoestrada con todos os recursos necesarios para acometer as obras pendentes e para a súa axeitada xestión.

Por parte da Alcaldía propónse a seguinte emenda:

Incluír a gratuidade do tramo A Coruña- Ferrol



## **Obra tamén no expediente a seguinte moción, sobre o mesmo asunto presentada polo Grupo político municipal do BNG:**

O Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego de Cabanas, ao abeiro da lexislación vixente, presenta ante o Pleno do Concello de Cabanas para o seu debate e posterior acordo a seguinte

### **INICIATIVA SOBRE A TRANSFERENCIA DA AP9 A GALIZA**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*A AP9, a Autoestrada do Atlántico, é a principal arteria de comunicación de Galiza, unha vía estratéxica que cruza o país de norte a sur, articulando un territorio no que se asenta máis do 70% da poboación e a meirande parte da actividade económica do país.*

*A pesar da súa importancia estratéxica, esta infraestrutura ten unhas tarifas desorbitadas que teñen que soportar a diario arredor de 22.000 galegos e galegas. Esta peaxe abusiva é un verdadeiro lastre para a economía das persoas e das empresas do noso país.*

*A historia da AP9 é a a crónica dunha discriminación con Galiza, que nos ten costado mi-les de millóns de euros en peaxes.*

*Cómpre lembrar que a concesión desta autoestrada remataba en 2013, e que, se aínda temos que seguir pagando polo seu uso, é porque esta foi ampliada por parte dos distintos gobernos do Estado, dez anos polo goberno de Felipe González en 1994, e 25 anos por parte do goberno de José María Aznar en 2000. A maiores, en 2003, o goberno de Aznar vendería co beneplácito da Xunta (da que era conselleiro de Ordenación do Territorio o actual Presidente, Núñez Feijóo) a autoestrada por un prezo ridículo.*

*Como consecuencia destas decisións políticas, hoxe Galiza conta non só cunha das auto-estradas máis caras do Estado senón tamén coa concesión máis longa posíbel, 75 anos, até 2048. Así, mentres na Galiza pagamos as peaxes máis caras, a práctica totalidade das autoestradas do Estado ou son de balde ou o serán en breve. O que supón un forte impacto económico para as arcas de miles de traballadores e traballadoras e un lastre á competitividade das nosas empresas é, á súa vez, un suculento negocio para a empresa concesionaria, que en 2019 recadou 153 millóns de euros, uns 420.000 euros diarios.*

*A loita social e institucional para poñer fin a este abuso vén de lonxe. En abril de 2016, o Parlamento de Galiza aproba por unanimidade, a instancias do BNG, a Lei para a transferencia da AP9 a Galiza, que sería vetada pola Mesa do Congreso o 13 de decembro dese mesmo ano. O mesmo veto tería o novo proxecto de Lei impulsado polo BNG a comezos de 2017 e aprobado polo parlamento galego en maio de 2017.*

*Quedaba claro que se trataba dun veto político, disfrazado de razóns técnicas e orzamentarias. E para deixalo máis evidente, ao tempo que se vetaba a transferencia e o rescate da AP9, o goberno do Estado aprobaba a principios do 2018 o rescate de 8 autoestradas de peaxe ruinosas, entre elas as radiais madrileñas. Unha decisión que tería un custo para as arcas do Estado de máis de 4.000 millóns de euros. Non había diñeiro público para rescatar a AP9, mais si o había para salvar ás construtoras e á banca que construíron e xestionaron autoestradas ruinosas.*

*Por fin, o 2 de febreiro do presente ano o Congreso aproba, por ampla maioría, a toma en consideración da Lei de Transferencia de Titularidade e Competencias da Autoestrada AP9.*



*Desde o BNG consideramos que a transferencia é un primeiro paso para acabar cunha discriminación histórica, e é necesario que se realice libre de cargas, que sexa rescatada polo Estado de igual maneira que se rescataron no seu día as radiais madrileñas.*

*Mentres a tramitación desta Lei non conclúa, algo que debería ter lugar no actual período de sesións, é preciso que se efective canto antes a rebaixa das peaxes da AP9 comprometidos no acordo de investidura co BNG. Unhas rebaixas históricas só pendentes de efectivizarse, e para o que o goberno do Estado dispón de 54,9 millóns de euros nos orzamentos de 2021.*

*Por todo isto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego de Cabanas,*

### **PROPÓN**

*A adopción do seguinte acordo:*

*O pleno do Concello de Cabanas acorda:*

- 1. Instar á Mesa do Congreso e ás forzas políticas con representación nesa institución a aprobar definitivamente a Lei de Transferencia da AP9 a Galiza no actual período de sesións.*
- 2. Instar ao Goberno do Estado a facer efectiva de xeito inmediato a rebaixa das peaxes da AP9.*

Os asistentes deciden votar as dúas mocións en conxunto, coa seguinte emenda presentada pola concelleira **Elena Arias Martínez:**

Onde di: o acordo relativo a instar a mesa do congreso e das forzas políticas con representación nesta institución, a aprobar definitivamente a lei de transferencia da AP-9 a Galicia no actual período de sesións podamos facer unha emenda engadindo:

*Cos recursos necesarios para acometer as obras pendentes, manter as bonificacións comprometidas e garantir a súa axeitada xestión.*

### **Quenda de intervencións ( remisión íntegra ao arquivo audiovisual que acompaña á presente acta)**

Sometido o asunto a votación e por unanimidade dos membros presentes ( 11 votos) adoptouse o seguinte ACORDO:

1. Instar á Mesa do Congreso e ás forzas políticas con representación nesa institución a aprobar definitivamente a Lei de Transferencia da AP9 a Galiza no actual período de sesións, cos recursos necesarios para acometer as obras pendentes, manter as bonificacións comprometidas e garantir a súa axeitada xestión.
2. Instar ao Goberno do Estado a facer efectiva de xeito inmediato a rebaixa das peaxes da AP9.
3. Solicitar así mesmo a gratuidade do tramo A Coruña-Ferrol

### **7.2. Investigación e accións sobre as inmatriculacións de bens pola Igrexa Católica no termo municipal de Cabanas. Grupo Mixto.**

**Sometida a votación a urxencia da moción é aprobada por unanimidade dos presentes ( 11 votos)**

O concelleiro Xosé Manuel Pérez Sardiña da lectura á seguinte moción presentada polo seu grupo.





**ASUNTO: Investigación e accións sobre as inmatriculacións de bens pola Igrexa Católica no termo municipal de Cabanas**

Ó abeiro do establecido na lexislación vixente o Grupo político municipal Mixto a través do seu voceiro da Marea de Cabanas (EM-PDDdG) presenta a seguinte moción para o seu debate no seguinte Pleno da Corporación:

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O Goberno do Partido Popular, mediante o Real Decreto 1867/1998, introduciu unha reforma do Regulamento Hipotecario que permitía que a Igrexa católica puidese proceder á inscrición rexistral dunha inxente cantidade de bens inmobles de alto valor cultural, patrimonial e económico, que ata entón tiñan o carácter de bens de dominio público, é dicir, da cidadanía.

Aproveitando esta nova norma a xerarquía católica resucitou o uso de dúas normas franquistas e inconstitucionais, aprobadas en 1946 e 1947: os artigos 206 da Lei Hipotecaria e 304 do Regulamento Hipotecario. O primeiro equipara á Igrexa coa Administración Pública, outorgándolle o privilexio de acceder ao rexistro da propiedade sen título. O segundo artigo equipara aos diocesanos con notarios, de forma que un bispo pode certificarse a si mesmo que é o propietario dun inmovible atendendo ao que el diga. A través deste procedemento inmatriculáronse, sen título de propiedade, centos de bens en Galicia que poderían ser públicos, mesmo antes da reforma do Partido Popular ao abeiro dunhas normas inconstitucionais e mesmo reprobadas polo Tribunal Europeo de Dereitos Humanos.

Debe quedar claro que o posible uso litúrxico non condiciona en absoluto a propiedade. E doutra parte, inmatriculáronse centos de bens en manifesto abuso de dereito e fraude de lei, ao non ser posuídos nunca pola Igrexa católica e mesmo non poder argumentar a coartada do seu posible uso litúrxico, como solares, vivendas, camiños e mesmo prazas públicas. A presión cidadá e política desvelou numerosos escándalos provocando a aprobación da lei 13/2015, que modifica a Lei Hipotecaria para eliminar o privilexio rexistral mencionado. Pero fíxoo sen efectos retroactivos, co que se produce unha amnistía rexistral sobre os miles de bens rexistrados pola igrexa católica en todo o Estado sen presentar título de propiedade.

Coa recente modificación da Lei Hipotecaria e da Lei do Catastro Inmobiliario ponse fin a este abuso de dereito que supuxo a legalización dun espolio indiscriminado de bens, en multitude de casos construídos, restaurados e/ou mantidos con fondos públicos ou veciñais.

As Cortes do Estado veñen en facer público un inventario de todos os bens inmobles situados en Cabanas e inmatriculados pola Igrexa católica desde a reforma da Lei Hipotecaria de 1998 ata a actualidade que permite reclamar en vía administrativa ou xudicial calquera discrepancia que sexa detectada.

Por todo iso, e para pescudar o alcance e situación dos bens inmobles inmatriculados pola diocese de Santiago de Compostela desde a reforma da lei hipotecaria, así como para avanzar no municipio de Cabanas na reversión dun proceso de apropiación de inmobles absolutamente inxusto, a Marea de Cabanas, solicita aprobar os seguintes ACORDOS

**Primeiro.-** O Pleno do Concello de Cabanas insta o goberno local a solicitar ao Ministerio de Xustiza toda a información relativa ás inmatriculacións realizadas pola Igrexa católica no termo municipal desde a reforma do Regulamento Hipotecario de 1998 ata a actualidade.

**Segundo.-** O Concello de Cabanas impulsará a recuperación do patrimonio que así se acredite como bens de titularidade pública a través das vías que correspondan en dereito.



**Terceiro.-** O Pleno do Concello de Cabanas acorda solicitar á Xunta de Galicia e á Deputación da Coruña información sobre todos os investimentos realizados con diñeiro público no arranxo, mellora e sostemento do patrimonio inmatriculado pola Igrexa católica no Concello de Cabanas, especificando a porcentaxe que supoñen as achegas públicas realizadas por Xunta de Galicia, Estado e Administracións Locais.

**Cuarto.-** O Pleno do Concello de Cabanas insta á Xunta a comparecer en todos aqueles procedementos xudiciais iniciados a pedimento de entidades locais galegas, ou calquera lexitimado, cuxo obxecto sexa a recuperación de bens inmoables inmatriculados pola Igrexa católica.

**Quinta.-** O Pleno do Concello de Cabanas insta o Goberno do Estado español a iniciar os trámites para declarar a inconstitucionalidade dos artigos modificados (artigo 206 da Lei Hipotecaria e artigo 5 do Regulamento Hipotecario), a fin de evitar unha amnistía rexistral e posibilitar a recuperación dos bens inmatriculados.

**Quenda de intervencións ( remisión íntegra ao arquivo audiovisual que acompaña á presente acta)**

**Sometido a votación a moción é por sete ( 7 ) votos a favor dos concelleiros do PSdG-PSOE, BNG e Grupo Mixto e catro ( 4 ) abstencións dos concelleiros do PP adoptouse o seguinte ACORDO:**

**Primeiro.-** O Pleno do Concello de Cabanas insta o goberno local a solicitar ao Ministerio de Xustiza toda a información relativa ás inmatriculacións realizadas pola Igrexa católica no termo municipal desde a reforma do Regulamento Hipotecario de 1998 ata a actualidade.

**Segundo.-** O Concello de Cabanas impulsará a recuperación do patrimonio que así se acredite como bens de titularidade pública a través das vías que correspondan en dereito.

**Terceiro.-** O Pleno do Concello de Cabanas acorda solicitar á Xunta de Galicia e á Deputación da Coruña información sobre todos os investimentos realizados con diñeiro público no arranxo, mellora e sostemento do patrimonio inmatriculado pola Igrexa católica no Concello de Cabanas, especificando a porcentaxe que supoñen as achegas públicas realizadas por Xunta de Galicia, Estado e Administracións Locais.

**Cuarto.-** O Pleno do Concello de Cabanas insta á Xunta a comparecer en todos aqueles procedementos xudiciais iniciados a pedimento de entidades locais galegas, ou calquera lexitimado, cuxo obxecto sexa a recuperación de bens inmoables inmatriculados pola Igrexa católica.

**Quinta.-** O Pleno do Concello de Cabanas insta o Goberno do Estado español a iniciar os trámites para declarar a inconstitucionalidade dos artigos modificados (artigo 206 da Lei Hipotecaria e artigo 5 do Regulamento Hipotecario), a fin de evitar unha amnistía rexistral e posibilitar a recuperación dos bens inmatriculados.

## **8.- ROGOS E PREGUNTAS.**

**Remisión íntegra ao arquivo audiovisual que acompaña á presente acta.**

E non habendo mais asuntos que tratar deuse por finalizada a sesión sendo as vinte e unha horas e trinta e oito minutos, estendéndose a presente acta da que eu, Secretaria, certifico.

Vº e P

